

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A
FUNDACIÓN REPSOL EN MATERIA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

REUNENSE:

Don....., conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que actúa en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, e pola Lei 12/2007, do 27 de xullo, de acordo co seu nomeamento polo Decreto 148/2016, do 13 de novembro, e no uso das atribucións que lle confire o Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, publicado no DOG número 13, do 18 de xaneiro, no que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Don, con DNI número, na súa calidade de vicepresidente da Fundación Repsol, con domicilio social en....., con CIF....., que actúa en representación desta facendo uso do poder outorgado ao seu favor o día .. de de perante o notario de Madrid don, co número do seu protocolo.

Os intervenientes recoñécense mutuamente capacidade suficiente para obrigarse segundo a realización deste acordo e

MANIFESTAN:

1. Que, de conformidade co establecido no Estatuto de autonomía para Galicia e na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, é responsabilidade do Goberno galego levar a cabo as medidas que sexan necesarias para garantir o uso como lingua cooficial do idioma galego, polo que deberán adoptar as medidas

oportunas para o seu fomento e estimular e apoiar as manifestacións culturais feitas en galego.

2. Que, no ámbito da Administración autonómica galega, lle corresponden á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, as competencias e funcións en materia de promoción da lingua galega.

3. Que as dúas partes son conscientes de que as institucións e entidades que desenvolven a súa actividade en Galicia teñen que colaborar na execución do Plan xeral de normalización da lingua galega que aprobou, por unanimidade, o Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia na súa sesión do día 21 de setembro de 2004, coa finalidade de divulgar e estender o uso do galego a todos os ámbitos da sociedade. Que, así mesmo, as partes queren colaborar no desenvolvemento e implantación do Plan de dinamización da lingua galega no tecido económico, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia o 4 de agosto de 2016, no que se recollen unha serie de medidas encamiñadas a conseguir a dinamización plena do idioma galego, estendendo o seu uso ao ámbito económico nas relacións laborais, comerciais e empresariais co fin de incrementar produtos e servizos en galego en todos os eidos sociais e económicos.

4. Que o obxecto da Fundación Repsol é o de ser «expresión da vocación de responsabilidade social corporativa do Grupo Repsol e, en particular, do seu compromiso coa mellora sostida das sociedades nas que desenvolve as súas actividades industriais e empresariais», podendo levar a cabo este propósito mediante a persecución de fins de interese xeral de carácter social, cultural, ambiental, así como científico, educativo e de fomento da investigación, os cales poderán ser desenvolvidos mediante plans ou programas de actuación consistentes en «accións directas da propia Fundación Repsol ou na súa participación ou apoio a programas e accións impulsadas por terceiros».

5. Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e mais a Fundación Repsol consideran que unha das mellores maneiras de estimular a galeguización é a de fomentar todo tipo de creatividade en galego e, neste sentido, decidiron colaborar na convocatoria e desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve

Repsol, cuxas características se describen máis adiante e que viña sendo tradicionalmente organizado pola Refinería Repsol, S. A. na Coruña.

6. Que o contido do proxecto Premio de Narrativa Breve Repsol é coñecido pola Fundación Repsol e encaixa dentro dos fins de carácter social e cultural descritos nos seus estatutos.

7. Que o Grupo Repsol, na súa calidade de fundador, ten unha presenza activa en Galicia e especialmente na provincia da Coruña.

Polo exposto, ambas as dúas entidades acordan asinar este acordo de colaboración, que se rexerá polas seguintes

ESTIPULACIÓNS

Primeira. Obxecto do acordo

A través deste acordo establécense as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, e a Fundación Repsol para organizar conxuntamente a convocatoria e desenvolvemento do Premio de Narrativa Breve Repsol 2018 para escritores en lingua galega.

As bases e as condicións de participación na convocatoria deste premio figuran como anexo deste acordo e forman parte integrante deste.

Segunda. Obrigas da Fundación Repsol

Mediante a sinatura deste acordo, a Fundación Repsol comprométese a organizar, xestionar e executar todas as actividades que teñan relación co citado premio, tales como elaboración das bases, convocatorias, circulares, documentación, constitución do xurado, organización do acto de presentación e do acto de entrega de premios, e facilitaralle ao persoal que interveña na organización e desenvolvemento do premio as infraestruturas e os medios necesarios.

Doutra banda, a Fundación Repsol asume a dotación económica do premio, por importe de **doce mil euros (12.000,00 €)**, de acordo co estipulado nas bases deste.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Por razón deste acordo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística (en diante, Política Lingüística), comprométese a colaborar coa Fundación Repsol nas seguintes actividades relacionadas co desenvolvemento do premio:

- Na constitución do xurado do premio, que se comporá por persoeiros de recoñecido prestixio no ámbito literario e cultural, preferentemente críticos literarios.
- Na prestación de apoio institucional na organización das actividades que teñan relación co premio, así como na súa entrega.
- Na difusión do premio mediante actuacións informativas e divulgativas, roldas de prensa e na páxina web de Política Lingüística.
- En calquera outra que as partes acordasen expresamente.

Cuarta. Asesoramento en materia lingüística

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través de Política Lingüística, prestaralle apoio e asesoramento técnico á Fundación Repsol en relación cos aspectos lingüísticos e terminolóxicos relacionados coas actividades obxecto deste acordo.

Quinta. Normativa aplicable en materia de normalización lingüística

Todas as accións e actividades relacionadas co premio que se realicen en galego ao abeiro deste acordo se deberán levar a cabo segundo o indicado nas vixentes normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, aprobadas pola Real Academia Galega no ano 2003, tal e como se establece na disposición adicional da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.

Así mesmo, a Fundación Repsol comprométese, no ámbito sinalado no parágrafo anterior, a coidar e respectar a toponimia oficial nos termos previstos no artigo 10 da citada lei.

Sexta. Duración e extinción do acordo

Este acordo estará vixente desde a data da súa sinatura ata o 28 de decembro de 2018.

A extinción deste acordo producirase polas seguintes causas:

- Polo transcurso do período previsto para a súa vixencia
- Por mutuo acordo das partes
- Por desistencia dunha das partes
- Por incumprimento total ou parcial dalgunhas das estipulacións que o regulan
- Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas
- Polas demais causas de extinción previstas na lexislación vixente.

Así mesmo, o uso non autorizado ou para un fin distinto ao pactado neste acordo, realizado por calquera das partes dos signos distintivos da outra que estivesen protexidos por dereitos de propiedade industrial ou intelectual, facultará a esta para resolver este acordo, sen prexuízo da correspondente indemnización por danos e perdas que proceda e que, en tal suposto, deberá, así mesmo, ser satisfeita pola devandita infractora.

A resolución unilateral, por calquera causa, deberá comunicarse de forma expresa e por escrito á outra parte polo menos cun mes de antelación.

Sétima. Comisión de seguimento

Coa finalidade de asegurar o cumprimento deste acordo, crearase unha comisión paritaria de seguimento, constituída por dous representantes de Política Lingüística, nomeados polo seu titular, e dous representantes da Fundación Repsol.

Esta comisión coordinará o desenvolvemento do premio e estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na súa execución. Os acordos adoptados neste sentido serán inmediatamente executivos.

Oitava. Difusión da colaboración das partes

Nas actuacións informativas/divulgativas e publicacións que se fagan relacionadas coas actividades obxecto deste acordo farase constar, nun lugar destacado, a colaboración

das dúas partes e usaranse, cando proceda, os anagramas de cada unha das entidades aprobados pola normativa de imaxe corporativa.

Sexa cal for o medio de difusión, cada unha das partes comprométese a facer mención da outra parte e da existencia deste acordo.

Novena . Propiedade intelectual

Ningunha das manifestacións que se contén neste acordo supón a cesión ou transmisión de ningún dereito de propiedade intelectual ou industrial titularidade dunha parte á outra, con respecto ás actividades previstas no acordo, agás que sexa autorizada a súa utilización que, de ser o caso, se realizará conforme o establecido na normativa xeral prevista no ámbito da propiedade intelectual.

Décima. Protección de datos de carácter persoal

1. As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais, que é nomeadamente a seguinte:

- Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos
- Real decreto 3/2010, do 8 de xaneiro, polo que se regula o Esquema nacional de seguridade no ámbito da Administración electrónica (ENS)
- Estatuto de autonomía de Galicia
- Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia (LOFAXGA)
- Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia
- Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, de estrutura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

2. Para o cumprimento da finalidade deste acordo, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste acordo ou no seu desenvolvemento,

informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/protección-de- datos> e www.fundacionrepsol.com conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

3. Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste acordo e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

4. As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste acordo, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade da persoa galardoada nas páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

5. Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste acordo poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/protección-de- datos>, e á sede da Fundación Repsol (calle Acanto, 22-10º - 28045 Madrid), ou no seu enderezo electrónico www.fundacionrepsol.com. Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

Décimo primeira. Lei aplicable e xurisdición

Este acordo ten carácter administrativo e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións, e quedará suxeito ao disposto nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para dirimir as cuestións que puidesen xurdir da aplicación deste acordo.

E, en proba de conformidade con canto antecede, ambas as partes asinan seis copias deste acordo, tres en galego e tres en castelán, e do seu anexo para un só efecto no lugar e data anteriormente indicados.

O conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria

O vicepresidente da Fundación
Repsol

BASES

XII PREMIO NARRATIVA BREVE REPSOL

A Fundación Repsol, en colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, no desexo de contribuír ao desenvolvemento da literatura galega, convoca a décimo segunda edición do Premio de Narrativa Breve Repsol, que se rexerá polas seguintes bases:

1. A este premio poderán concorrer todos os autores e autoras que o desexen, excepto a persoa gañadora da edición anterior, cunha novela curta escrita en lingua galega, conforme a normativa establecida pola Real Academia Galega.
2. As novelas, que serán orixinais e inéditas en todos os formatos, terán unha extensión non inferior a 50 folios nin superior a 120. Cada folio estará mecanografado a dobre espazo a razón de entre 28 e 32 liñas, de 60 a 70 caracteres por liña como termo medio no conxunto da novela presentada. Con carácter xeral, a extensión mínima e máxima de cada novela virá determinada polos valores de folios, liñas e caracteres antes concretados.
3. Presentaranse seis copias encadernadas de cada orixinal. En cada unha das copias figurará o título da novela e o lema desta. Acompañarase tamén un sobre pechado no que figurará o citado lema e, no seu interior, o nome, enderezo, números de teléfono fixo/móbil do autor ou autora e recensión biográfica recente.
4. As novelas enviaranse antes do 31 de xullo de 2018, facendo constar no sobre Premio de Narrativa Breve Repsol, ao seguinte enderezo:
Refinería Repsol A Coruña
Apartado de correos 700
15080 A Coruña
5. Presentarase cos orixinais, dentro do sobre pechado, unha declaración xurada asinada polo/a autor/a onde declare a súa autoría sobre a novela, así como a súa orixinalidade. A non inclusión da devandita declaración xunto coa novela será motivo para que a novela en cuestión sexa excluída automaticamente, considerárase non remitida e non presentada e destruírase.

6. Establécese un único premio dotado con doce mil euros (12.000 €). Esta cantidade estará suxeita á retención a conta do IRPF que legalmente corresponda.

7. O premio poderá declararse deserto sempre que o xurado considere que as novelas presentadas non reúnen a calidade suficiente.

8. A contía do premio inclúe a adquisición dos dereitos de explotación da primeira edición en galego de ata un máximo de 1.500 exemplares do texto gañador. Estes dereitos corresponderanlle en exclusiva á Fundación Repsol. A novela premiada será publicada pola Editorial Galaxia segundo contrato de edición asinado para o efecto nos termos que acorden a Fundación Repsol e a Secretaría Xeral de Política Lingüística. En todas as edicións que se realicen se fará constar o nome de Premio de Narrativa Breve Repsol 2018.

9. O xurado estará composto por:

- Unha persoa nomeada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística
- Unha persoa nomeada pola Fundación Repsol
- Unha persoa nomeada pola Real Academia Galega
- Unha persoa nomeada pola Asociación de Escritores en Lingua Galega
- Unha persoa nomeada pola Editorial Galaxia

A decisión do xurado será inapelable e farase pública no mes de setembro do ano 2018.

10. A entrega do premio terá lugar nun acto público que se realizará na cidade da Coruña. A non ser por razóns de forza maior, a persoa gañadora deberá estar presente no acto de entrega do premio.

11. Os orixinais non premiados serán devoltos, sempre que os/as autores/as así o soliciten por escrito, no prazo máximo de dous (2) meses a partir da data en que se faga pública a resolución do xurado. Os orixinais que non se retiren destruíranse.

12. A participación no Premio de Narrativa Breve Repsol é voluntaria. A continuación atoparás información básica sobre como trataremos os teus datos de carácter persoal polo feito de participar nesta acción:

Responsable	Fundación Repsol, con domicilio en
Datos obxecto do tratamento	Todos os datos que nos proporciones, así como os que deriven da túa participación no premio
Finalidade	A realización das xestións necesarias para o desenvolvemento do premio, incluíndo a selección do gañador, a publicación do gañador o contacto co gañador para a entrega do premio e a posterior entrega do premio a este
Base lexítima do tratamento	O teu consentimento manifestado, expresamente, ao participar neste premio
Destinatarios dos datos	Os que resulten necesarios conforme a lei e os provedores de servizo na súa condición de encargado do tratamento, así como a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Dereitos da persoa interesada	Acceso, rectificación, oposición, supresión, limitación ao tratamento, portabilidade e a retirar o consentimento prestado. Podes atopar un maior detalle sobre estes dereitos na información ampliada, dispoñible na política de privacidade en www.fundacionrepsol.com . Poderanse exercer estes dereitos a través dunha comunicación ao domicilio do responsable. Así mesmo, poderás formular, en calquera momento, unha reclamación ante a autoridade de control
Duración do tratamento	Durante o tempo que dure a acción e, unha vez finalizada, por un período de 6 anos
Transferencias internacionais	As que resulten da nosa relación con provedores de servizos, coas garantías dispostas na política de privacidade dispoñible en www.fundacionrepsol.com .
Información adicional	Podes consultar información ampliada sobre como tratamos os teus datos na política de privacidade dispoñible en www.fundacionrepsol.com .

13. A participación no premio supón que o participante gañador autoriza expresamente a que a Fundación Repsol poida facer difusión, en calquera medio de comunicación interno e/ou externo que estime oportuno, así como nas redes sociais na que se desenvolva o premio, dos seus datos persoais consistentes no seu nome e apelidos coa exclusiva finalidade de divulgar o premio. Todo iso dentro da política de transparencia á que se atopa comprometida a fundación e incluso antes de que se produza a aceptación formal do premio ou no suposto de confirmarse que o participante non cumpre co resto de condicións impostas nas bases e perdese, consecuentemente, o dereito ao premio. A difusión e/ou publicación do seu nome como gañador non xerará ningún dereito ao seu favor para a adxudicación do premio se o participante non cumpre co resto de condicións recollidas nas bases, así que perderá o dereito ao premio, a pesar de calquera publicación.

14. O autor/a premiado/a comprométese a ceder os seus dereitos de explotación da súa novela á Fundación Repsol de maneira inmediata tras ser premiado e, en exclusiva, con alcance territorial delimitado a España e por una duración de CINCO (5) anos coa finalidade de facela accesible ao público. O autor sempre será recoñecido como autor da novela; este é un dereito irrenunciable e intransmisible.

Especificamente a cesión dos dereitos de explotación a favor da Fundación Repsol incluírán os dereitos de reprodución, distribución e comunicación pública da novela en calquera formato existente, así como a través de todos os medios de comunicación on-line e off-line que sexan necesarios para a correcta promoción da novela.

15. Nos aspectos non incluídos nestas bases ou naqueles que puidesen ser obxecto de interpretación, a decisión corresponderalles ás entidades organizadoras, as cales, unha vez consultados os membros do xurado, emitirán ditame que será inapelable.

16. A participación na convocatoria do Premio de Narrativa Breve Repsol 2018 implica a aceptación destas bases.